

Dirección da xornada:

Verónica Martínez Barbero
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

Susana Soneira Lema
Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

Marta Fernández Prieto
Decana da Facultade de Dereito de Ourense

Número de prazas:

Prazas limitadas ata completar aforo

Persoas destinatarias:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais
- Avogados/as
- Profesionais vencellados coa materia e persoas interesadas nesta
- Alumnos e alumnas da Facultade de Dereito e do campus de Ourense
- Inspectores/as de Traballo

Inscricións:

Faranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, dende o 6 ao 21 de marzo de 2019, nos seguintes lugares:

Consello Galego de Relacións Laborais
Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense
Facultade de Dereito de Ourense

Diploma:

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada

XORNADAS TECNOLOXÍA DA COMUNICACIÓN E NOVAS FORMAS DE TRABALLO



Información e inscricións:

Consello Galego de Relacións Laborais

Rúa Algalia de Abaixo, 24
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 957 489/Fax 981 541 610
e-mail: formacion.cgrel@xunta.gal

Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense


Rúa Monforte, 12 baixo
15007 A Coruña
Tfno. 981 151 876/Fax 981 234 404
e-mail: colegio@graduadosociales.org

Facultade de Dereito de Ourense

Campus Universitario As Lagoas s/n
32004 Ourense
Tfno. 988 368 700/ Fax 988 368 923
e-mail: mfprieto@uvigo.es



XORNADAS 2019



TECNOLOXÍA DA COMUNICACIÓN E NOVAS FORMAS DE TRABALLO

OURENSE, 22 de marzo

Facultade de Dereito de Ourense

Campus das Lagoas



Facultade de Dereito
Universidade de Vigo



TECNOLOXÍA DA COMUNICACIÓN E NOVAS FORMAS DE TRABALLO

Organiza:

Consello Galego de Relacións Laborais

Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

Facultade de Dereito de Ourense

Data: 22 de marzo de 2019

Lugar: Salón de Graos da Facultade de Dereito de Ourense—Campus As Lagoas 32004 Ourense

venres, 22 de marzo de 2019

9.15 Entrega da documentación

9.30 Inauguración

9.45 Mesa redonda: “As plataformas dixitais e o emprego: problemas de encadramento na Seguridade Social”

Margarita Teresa Pampín Martínez

Inspectora de Traballo e de Seguridade Social de Vigo

Pedro Rabanal Carbajo

Maxistrado-Xuiz do Xulgado do Social nº 4 de Ourense

10.30 Coloquio

10.45 Mesa redonda: “Relacións Laborais e plataformas dixitais”

Representantes do SN de CCOO de Galicia, CIG, UGT-Galicia e CEG

11.45 Coloquio

12.00 Pausa

12.30 Conferencia: “O dereito á desconexión nos estados membros da Unión Europea”

Alexandre Pazos Pérez

Profesor Axudante Doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo

13.15 Coloquio

13.30 Clausura

NOTA:

Nesta xornada haberá un servizo de intérprete de lingua de signos

RESUMO DA XORNADA

Os avances tecnolóxicos e os novos procesos están a transformar o mercado laboral, e a mudar de xeito profundo as condicións de vida e traballo tradicionais. As plataformas dixitais están a poñer a proba o Dereito do Traballo impondo un grao de externalización descoñecido ata este século. Estamos nunha zona gris entre a laboralidade e a non laboralidade, e existen diversas opinións en relación co encadramento do persoal das plataformas dixitais na Seguridade Social.

Pero a tecnoloxía da comunicación non está a producir os seus efectos exclusivamente sobre as condicións de traballo dos chamados “novos empregos”, aqueles relacionados de xeito máis directo co mundo dixital. Ao contrario, os cambios no acceso ás novas tecnoloxías trasladáronse ao ámbito laboral e trouxeron consigo novos roles, novos horarios, unha maior conectividade e novas oportunidades para o traballo a domicilio e a conciliación. O maior inconveniente desta revolución tecnolóxica e dixital descansa na problemática relacionada cos límites que separan a vida laboral e a vida persoal. Neste contexto, algúns países do noso entorno aprobaron xa unha normativa para reforzar os dereitos a este respecto da cidadanía. En España entrou en vigor o pasado mes de decembro a *Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*, que incorpora no seu Título X unha serie de dereitos no ámbito laboral, entre eles o dereito á desconexión dixital (artigo 88).

Estes temas abordaranse nesta xornada, dun xeito riguroso e profundo, da man de profesionais do mundo da Xudicatura, a Universidade e a Inspección de Traballo, e de representantes das organizacións sindicais e empresarial máis representativas en Galicia, coa finalidade de desenvolver unha das funcións do Consello Galego de Relacións Laborais: a promoción e o fomento do debate social en cuestións de actualidade.